


BOLETIN OFICIAL



PARLAMENTO DE GALICIA

III LEXISLATURA

1990

Ano XI

N.º 250

14 de marzo de 1992

I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN

D. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

4. PROPOSICIONES NON DE LEI

-Recualificación como proposición non de lei que tramitará a Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios, da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de Dña. Elisa Madarro González e dúas deputadas máis, sobre o cumprimento da lei en materia de eliminación de barreiras arquitectónicas na recepción das obras subvencionadas pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas ós concellos (n.º 5.203).

7.028

-Recualificación como proposición non de lei que tramitará a Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios, da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de Dña. Elisa Madarro González e catro deputados máis, sobre a substitución dos medios químicos polos mecánicos na limpeza das beiras das estradas e autoestradas (n.º 5.670).

7.028

-Recualificación como proposición non de lei que tramitará a Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo, da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño e D. Ismael Rego González, sobre a contratación dun servizo de vixilancia para os portos galegos de competencia da Comunidade Autónoma (n.º 6.668).

7.028

E. COMPARECENCIAS

-Solicitud de Comparecencia, a petición da Xunta de Galicia, do Excmo. Sr. conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes para informar sobre "a presentación do Plan forestal de Galicia". (n.º 7.393).

7.028

II. TEXTOS APROBADOS

I. RESOLUCIÓN E DECLARACIÓN

1. PROPOSICIÓN NON DE LEI

-Proposición non de lei dos GG.PP. Mixto e do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do PSG-EG, de D. Santos Oujo Bello e D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre a continuidade das emisións en galego de Radio 4 e Radio Monforte (n.º 5.019).

7.029

-Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de D. Fernando Carlos Rodríguez Pérez, sobre a remodelación do trazado da estrada Lugo-Santiago e a execución das obras nos tramos Melide-Arzúa e Lavacolla-Santiago (n.º 5.917).

7.030

-Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, sobre a creación da Escola Galega de Apicultura (n.º 5.915).

7.029

3. OUTRAS RESOLUCIÓN

-Propostas de resolución aprobadas no debate de política xeral sobre o proceso evolutivo da Autonomía, actual situación e desenvolvemento futuro. 7.030

III. TEXTOS REXEITADOS

LL. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

-Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alberte X. Rodríguez Feijoo, sobre a recuperación do edificio "Ribeiras del Eo" para dedicalo a actividades deportivas, lúdicas e turísticas da cidade de Ribadeo (n.º 3.962).

7.032

-Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dña. María Pilar García Negro, sobre a presenza do noso idioma nas festas populares do país (n.º 4.508).

7.033

- | | |
|---|--|
| <p>-Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista galego, sobre a renegociación do tratado de adhesión á CEE (n.º 5.443). 7.033</p> <p>-Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Francisco Sineiro García, sobre a regulamentación da organización e funcionamento dos xurados provinciais de clasificación de montes (n.º 5.627). 7.033</p> <p>-Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Miguel Fidalgo Areda, sobre a inclusión do oidium, a couza do acio e a botrite no programa de axudas para o combate de pragas do viñedo (n.º 5.743). 7.033</p> <p>-Proposición non de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Domingo Rafael Merino Mejuto, sobre promulgación dunha Lei galega de caza (n.º 5.924). 7.033</p> <p>-Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de Dña. María Antonia Álvarez Yáñez, sobre a dotación ó concello de San Cibrao das Viñas dunha depuradora de augas residuais (n.º 6.385). 7.034</p> <p>-Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alberte Xullo Rodríguez Feijoo, sobre a creación dunha partida presupostaria pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para cubri-los danos ocasionados polas especies protexidas ós habitantes do medio rural e ós seus bens (n.º 6.042). 7.034</p> | <p>-Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Carlos Baños Márquez e D. José Luis Rodríguez Pardo, sobre o establecemento da incompatibilidade entre delegado provincial dunha Consellería e cargo electo de entidade local (n.º 6.644). 7.034</p> <p>-Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto e D. Jose Carlos Baños Márquez, sobre os criterios definidores da acción de goberno da Xunta de Galicia e, en particular, a súa política de investimentos e subvencións (n.º 6.654). 7.034</p> <p>-Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alberte X. Rodríguez Feijoo, sobre o remate da estrada Lugo-A Fonsagrada e a inclusión do tramo O Cadavolímite de Asturias na, rede primaria básica (n.º 6.686). 7.035</p> <p>-Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Bautista Alvarez Domínguez, sobre a apertura de establecementos comerciais en domingos e festivos durante as festas de nadal do ano 1990 (n.º 7.186). 7.035</p> <p>-Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política de proxección exterior de Galicia, obxectivos, prioridades, relacións, resultados e realización das viaxes do Excmo. Sr. presidente da Xunta (n.º 7.187). 7.035</p> <p>-Moción do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Santos Oujo Bello, sobre a adquisición dun palacete para a súa utilización como nova sede da Xunta de Galicia en Madrid (n.º 7.204). 7.036</p> |
|---|--|

IV. TEXTOS RETIRADOS

N. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

- Proposición non de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román, sobre a anómala convocatoria de prazas de médicos e farmacéuticos pola Deputación de Ourense para cubrir 23 prazas no hospital provincial (n.º 4.449). 7.036

I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN**D. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN****4. PROPOSICIÓN NON DE LEI****PRESIDENCIA**

A Mesa do Parlamento de Galicia, en reunión celebrada o día 5 de marzo de 1992, por pedimento da súa autora, acordou recualifica-la seguinte Proposición non de lei:

—Do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de Dña. Elisa Madarro González e dúas deputadas máis, sobre o cumprimento da lei en materia de eliminación de barreiras arquitectónicas na recepción das obras subvencionadas pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas ós concellos (doc. n.º 5.203, publicado no BOPG n.º 184, do 28 de setembro de 1991, asignado ó Pleno), e a súa asignación á Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 1.º
José María García Leira

PRESIDENCIA

A Mesa do Parlamento de Galicia, en reunión celebrada o día 5 de marzo de 1992, por pedimento dos seus autores, acordou recualifica-la seguinte Proposición non de lei:

—Do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de Dña. Elisa Madarro González e catro deputados máis, sobre a substitución dos medios químicos polos mecánicos na limpeza das beiras das estradas e autoestradas (doc. n.º 5.670, publicado no BOPG n.º 195, do 19

de outubro de 1991, asignado ó Pleno), e a súa asignación á Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 1.º
José María García Leira

PRESIDENCIA

A Mesa do Parlamento de Galicia, en reunión celebrada o día 5 de marzo de 1992, por pedimento dos seus autores, acordou recualifica-la seguinte Proposición non de lei:

—Do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño e D. Ismael Rego González, sobre a contratación dun servizo de vixilancia para os portos galegos de competencia da Comunidade Autónoma (doc. n.º 6.668, publicado no BOPG n.º 239, do 11 de febreiro de 1992, asignado á Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios), e a súa asignación á Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 1.º
José María García Leira

E. COMPARECENCIAS**PRESIDENCIA**

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión celebrada o día 11 de marzo de 1992, admitiu a trámite e acordou o traslado á Mesa da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da seguinte

solicitude de comparecencia por pedimento da Xunta de Galicia:

—Do Excmo. Sr. conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, para informar sobre «a presentación do Plan forestal de Galicia» (doc. núm. 7.393).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 1992.

PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

Excmo. Sr.:

Teño a honra de solicitar de VE a celebración dunha sesión informativa da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, ante a que o Excmo. Sr. conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes in-

formará sobre «a presentación do Plan forestal de Galicia».

A devandita información desenvolverase ó abeiro do artigo 143 do Regulamento do Parlamento (BOPG n.º 150, do 1 de setembro de 1983).

O que lle comunico á VE, para o seu coñecemento e efectos.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 1992.

Asdo.: **Víctor Manuel Vázquez Portomeñe**
Conselleiro de Relacións Institucionais
e portavoz do Goberno

II. TEXTOS APROBADOS

I. RESOLUCIÓNS E DECLARACIÓNS

1. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

PRESIDENCIA

A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior, en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 1992, no punto único da orde do día, aprobou a Proposición non de lei dos GG.PP. Mixto e do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do PSG-EG, de D. Santos Oujo Bello e D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre a continuidade das emisións en galego de Radio 4 e Radio Monforte (doc. núm. 5.019, publicado no BOPG núm. 174, do 7 de setembro de 1991), con modificacións respecto do texto orixinal, e co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a negociar con RNE a continuidade das emisións en galego de Radio 4 e da emisora Radio Monforte en Radio 5, nos termos expresados polo Consello Asesor da RTVE en Galicia no mes de setembro de 1991.»

O que se publica para xeral coñecemento e ó abeiro do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 1992.

O VICEPRESIDENTE 2.º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 1992, no punto único da orde do día, aprobou a Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de D. Nazario Pin Fernández, sobre a creación da Escola Galega de Apicultura (doc. n.º 5.915, publicado no BOPG n.º 203, do 2 de novembro de 1991), sen modificacións respecto do texto orixinal e co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que:

1.º) Se proceda á creación da Escola Galega de Apicultura dependente da Consellería de Agricultura, efectuando as asignacións presupostarias correspondentes.

2.º) A devandita Escola de Apicultura se ubique na provincia de Lugo no Centro de Capacitación Agraria de Monforte de Lemos.»

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 2.º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, en sesión celebrada o día 5 de marzo de 1992, no punto segundo da orde do día, aprobou a Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de D. Fernando Carlos Rodríguez Pérez, sobre a remodelación do trazado Lugo-Santiago e a execución das obras nos tramos Melide-Arzúa e Lavacolla-Santiago (doc. n.º 5.917, publicado no BOPG n.º 224, do 19 de decembro de 1991), con modificacións respecto do texto orixinal e co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a dirixirse ó Goberno central solicitándolle que:

1.º —Remate de forma inmediata as obras do tramo Melide-Arzúa.

2.º —Redacte e execute coa urxencia que o tema require un proxecto técnico de remodelación do trazado da estrada Lugo-Santiago.

3.º —Redacte e execute un proxecto técnico do tramo Lavacolla-Santiago, con características de autovía, e se proceda a súa execución do modo máis inmediato posible.»

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 2.º

Antonio Carro Fernández-Valmayor

3. OUTRAS RESOLUCIÓNS**PRESIDENCIA**

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de marzo de 1992, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros», aprobou, por 41 votos a favor, 27 en contra e 7 abstencións, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de rexistro 7.653, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que demande do Goberno central unha vez dinamizado o proceso de ampliación de competencias das CCAA do artigo 143 da Constitución, a adopción das necesarias iniciativas tendentes a conseguirla consideración de administracións únicas no territorio das CCAA do artigo 151 da mesma Constitución, salvo aquelas materias que constitúen o núcleo de solidariedade e a definición do marco propio do Goberno central, concretadas, a nivel periférico, substancialmente na Facenda, en canto recadadora dos grandes impostos e das cotizacións á Seguridade Social, sen prexuício da corresponsabilidade fiscal; no sistema básico de prestación da Seguridade Social, sen prexuício da corresponsabilidade fiscal; no sistema básico de prestación da Seguridade Social, en especial desemprego e pensións; no ámbito xa consagrado no novo sistema constitucional, da Administración de Xusticia, que lle corresponda ó Poder Xudicial, e a seguridade xeral.»

O que se publica para xeral coñecemento, o abeiro do disposto no artigo 65 e concordantse do regulamento.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 1992.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de marzo de 1992, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros», aprobou, por 39 votos a favor, 0 en contra e 36 abstencións, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de Rexistro 7.654, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que solicite do Goberno do Estado as necesarias iniciativas, en coherencia cos obxectivos da nova política rexional, tralos acordos de Maastricht, tendentes a que o reparto interno dos fondos estruturais se leve a cabo non só en función do nivel relativo do PIB de cada rexión elixible, senón tamén en función da gravidade dos impactos negativos da adhesión á CEE, o que significará para Galicia unha atención particularizada ós seus sectores primarios.»

E que para tales efectos o propio Goberno central garanta que a incidencia en Galicia dos fondos estruturais non poida ser inferior á súa participación no Fondo de Compensación Interterritorial; coa singularidade, no tocante ó recén creado Fondo de Cohesión, de que as prioridades que hai que considerar en Galicia deben se-la súa ligazón transcantábrica e as súas necesidades de mellora e potenciación medioambiental, sobre todo no seu sistema de rías.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto no artigo 65 e concordantes do regulamento.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 1992.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de marzo de 1992, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros», aprobou, por 39 votos a favor, 0 en contra e 36 abstencións, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de Rexistro 7.655, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que:

1) Inste do Goberno do Estado a adopción dunha posición firme á hora de perfila-lo deseño do Comité de Rexións previsto nos acordos de Maastricht, co fin de que o mesmo sexa eficaz en beneficio dos principios de subsidiariedade, repetidamente invocado nos regulamentos comunitarios, pero escasamente aplicado na realidade.

2) E que igualmente vigorice o propio Goberno central a súa acción para que o devandito Comité sexa un verdadeiro elemento de conexión comunitario-estatal-rexional á hora das grandes decisións relativas a políticas comúns e comunitarias.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto no artigo 65 e concordantes do regulamento.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 1992.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de marzo de 1992, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros», aprobou, por 39 votos a favor, 2 en contra e 34 abstencións, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de Rexistro 7.656, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que:

1) Solicite do Goberno do Estado que, coa maior brevidade posible e coa colaboración das CCAA, arbitre un procedemento participativo eficaz, unha vez constatada a escasa operatividade dos instrumentos ata agora vixentes no que respecta á área comunitaria.

2) Solicite en consecuencia que a participación das propias CCAA se substancie ós devanditos fins, nun convenio operativo.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto no artigo 65 e concordantes do regulamento.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 1992.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de marzo de 1992, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros», aprobou, por 39 votos a favor, 27 en contra e 9 abstencións, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de Rexistro 7.657, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que:

1) Solicite do Goberno do Estado as necesarias iniciativas, respecto da CEE, de rexionalización da política pesqueira comunitaria ata a liña das 12 millas, mantendo as actuais derogacións da política común de pesca co obxecto de favorecer-la flota de baixura.

2) Solicite igualmente do Goberno do Estado as iniciativas necesarias para que a CEE adopte as conclusións das reunións das rexións do Arco Atlántico, elaboradas por proposta da Comunidade Autónoma de Galicia e concretadas nun documento sobre pesca no propio Arco Atlántico, obrante xa ante a Comisión da CEE.

3) Que así mesmo solicite do Goberno central as debidas iniciativas tendentes á eliminación das restricións á flota do Gran Sol, adiantando a CEE a conclusión do período transitorio do 1 de xaneiro de 1993.

4) Demande do Goberno central o establecemento das necesarias iniciativas e decisións tendentes a resolver os problemas da flota conxeladora; para este efecto procede que se autoricen as medidas precisas para executar o plan de viabilidade do sector, elaborado pola Xunta de Galicia cos demais sectores económicos e sociais implicados.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto no artigo 65 e concordantes do regulamento.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 1992.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de marzo de 1992, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a

súa articulación e desenvolvemento futuros», aprobou, por 39 votos a favor, 0 en contra e 36 abstencións, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de Rexistro 7.658, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que:

1) Solicite do Goberno central a busca das adecuadas solucións ás empresas públicas galegas, actualmente en crise, viabilizando a participación da Xunta de Galicia na súa xestión para unha verdadeira corresponsabilidade.

2) Solicite igualmente do Goberno central o remate do proceso de reconversión naval nos estaleiros públicos e privados incluídos no plan complementario para o sector, entregado xa polo Ministerio de Industria á correspondente Comisión Europea.

3) Solicite así mesmo do Goberno do Estado o definitivo apoio ó plan especial elaborado pola Xunta de Galicia para Ferrol e a súa comarca.

4) Demande do propio Goberno central o apoio adecuado ós plans das diferentes Flotas elaborados pola Xunta de Galicia, e que de xeito tan directo afectan a Vigo e a súa comarca.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto no artigo 65 e concordantes do regulamento.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 1992.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

III. TEXTOS REXEITADOS

LL. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

PRESIDENCIA

A Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior, en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 1992, no punto único da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alberte X. Rodríguez Feijoo, sobre a recuperación do edificio «Riberas del Eo» para dedicalo a actividades deportivas, lúdicas e turísticas da cidade de Ribadeo (doc. núm. 3.962, publicado no BOPG núm. 135, do 20 de abril de 1991), coa votación seguinte:

• Votos a favor	6
• Votos en contra	9
• Abstencións	0

O que se publica para xeral coñecemento e ó abeiro do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 1992.

O VICEPRESIDENTE 2.º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior, en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 1992, no punto único da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dña. María Pilar García Negro, sobre a presenza do noso idioma nas festas populares do país (doc. núm. 4.508, publicado no BOPG núm. 151, do 1 de xuño de 1991), coa votación seguinte:

- Votos a favor 7
- Votos en contra 9
- Abstencións 0

O que se publica para xeral coñecemento e ó abeiro do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 1992.

O VICEPRESIDENTE 2.º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 26 de febreiro de 1992, no punto cuarto da orde do día, rexeitou, por 9 votos a favor, 62 en contra e ningunha abstención, a Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a renegociación do tratado de adhesión á CEE (doc. núm. 5.443, publicado no BOPG núm. 189, do 5 de outubro de 1991).

O que se publica para xeral coñecemento e ó abeiro do artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 1.º
José María García Leira

PRESIDENCIA

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 1992, no punto único da orde do día, desbotou a Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Francisco Sineiro García,

sobre a regulamentación da organización e funcionamento dos xurados provinciais de clasificación de montes (doc. n.º 5.627, publicado no BOPG n.º 195, do 19 de outubro de 1991), coa seguinte votación final, de acordo co previsto no artigo 93 do Regulamento da Cámara:

- Votos a favor 8
- Votos en contra 8
- Abstencións 0

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 2.º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 1992, no punto único da orde do día, desbotou a Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Miguel Fidalgo Areda, sobre a inclusión do oidium, a couza do acio e a botrite no programa de axudas para o combate de pragas do viñado (doc. n.º 5.743, publicado no BOPG n.º 195, do 19 de outubro de 1991), coa seguinte votación final, de acordo co previsto no artigo 93 do Regulamento da Cámara:

- Votos a favor 8
- Votos en contra 8
- Abstencións 0

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 2.º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 1992, no punto único da orde do día, rexeitou

a Proposición non de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Domingo Rafael Merino Mejuto, sobre a promulgación dunha Lei galega de caza (doc. n.º 5.924, publicado no BOPG n.º 212, do 20 de novembro de 1991), coa votación seguinte:

- Votos a favor 7
- Votos en contra 8
- Abstencións 0

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 2.º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios, en sesión celebrada o día 5 de marzo de 1992, no punto segundo da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de Dña. María Antonia Álvarez Yáñez, sobre a dotación ó concello de San Cibrao das Viñas dunha depuradora de augas residuais (doc. n.º 6.385, publicado no BOPG n.º 224, do 19 de decembro de 1991), coa votación seguinte:

- Votos a favor 7
- Votos en contra 9
- Abstencións 0

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 2.º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 1992, no punto único da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alberte Xullo Rodríguez Feijoo, sobre a creación dunha partida

presupostaria pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para cubri-los danos ocasionados polas especies protexidas ós habitantes do medio rural e ós seus bens (doc. n.º 6.042, publicado no BOPG n.º 212, do 20 de novembro de 1991), coa votación seguinte:

- Votos a favor 7
- Votos en contra 8
- Abstencións 0

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 2.º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior, en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 1992, no punto único da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Carlos Baños Márquez e D. José Luis Rodríguez Pardo, sobre o establecemento da incompatibilidade entre delegado provincial dunha Consellería e cargo electo de entidade local (doc. núm. 6.644, publicado no BOPG núm. 237, do 6 de febreiro de 1992), coa votación seguinte:

- Votos a favor 6
- Votos en contra 9
- Abstencións 0

O que se publica para xeral coñecemento e ó abeiro do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 1992.

O VICEPRESIDENTE 2.º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 26 de febreiro de 1992, no punto cuarto da orde do día, rexeitou por 33 votos a favor, 35 en contra e nin-

gunha abstención, a Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto e D. José Carlos Baños Márquez, sobre os criterios definidores da acción de goberno da Xunta de Galicia e, en particular, a súa política de investimentos e subvencións (doc. núm. 6.654, publicado no BOPG núm. 239, do 11 de febreiro de 1992).

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 1.º
José María García Leira

PRESIDENCIA

A Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios, en sesión celebrada o día 5 de marzo de 1992, no punto segundo da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alberto X. Rodríguez Feijoo, sobre o remate da estrada Lugo-A Fonsagrada e a inclusión do tramo O Cádavalímite de Asturias na rede primaria básica (doc. n.º 6.686, publicado no BOPG n.º 239, do 11 de febreiro de 1992), coa votación seguinte:

- Votos a favor 7
- Votos en contra 9
- Abstencións 0

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 2.º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 26 de febreiro de 1992, no punto quinto da orde do día, rexeitou, por 28 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención, a Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Bautista Álvarez Domínguez, sobre a apertura de establecementos comerciais en domingos e festivos durante as festas de nadal do ano 1990 (doc. núm. 7.186, publicado no BOPG núm. 242, do 22 de febreiro de 1992; formulado como consecuencia da Interpelación núm. 3.563, sobre o mesmo tema, publicada no BOPG núm. 126, do 22 de marzo de 1991, e debatida no Pleno do día 12 de febreiro de 1992).

O que se publica para xeral coñecemento, e ó abeiro do artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 1.º
José María García Leira

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 26 de febreiro de 1992, no punto quinto da orde do día, rexeitou, por 32 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención, a Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política de proxección exterior de Galicia, obxectivos, prioridades, relacións, resultados e realización das viaxes do Excmo. Sr. presidente da Xunta (doc. núm. 7.187, publicado no BOPG núm. 242, do 22 de febreiro de 1992; formulado como consecuencia da Interpelación núm. 5.090, sobre o mesmo tema, publicada no BOPG núm. 174, do 7 de setembro de 1991, e debatida no Pleno do día 12 de febreiro de 1992).

O que se publica para xeral coñecemento, e ó abeiro do artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 1.º
José María García Leira

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 26 de febreiro de 1992, no punto quinto da orde do día, desbotou, por 35 votos a favor, 35 en contra e ningunha abstención en sucesivas votacións (ó abeiro do artigo 93.1 do Regulamento), a Moción do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Santos Oujo Bello, sobre a adquisición dun palacete para a súa utilización como nova sede da Xunta de Galicia en Madrid (doc. núm. 7. 204, publicado no BOPG núm. 242, do 22 de febreiro de 1992; formulada como consecuencia da Interpelación núm. 5.790, sobre o mesmo tema, publicada no BOPG

núm. 200, do 29 de outubro de 1991, e debatida no Pleno do día 12 de febreiro de 1992).

O que se publica para xeral coñecemento, e ó abeiro do artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 1992.

O VICEPRESIDENTE 1.º
José María García Leira

IV. TEXTOS RETIRADOS**N. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN****PRESIDENCIA**

Na sesión celebrada pola Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior, o día 28 de febreiro de 1992, no punto único da orde do día, decaeu a Proposición non de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román, sobre a anómala convocatoria de prazas de médicos e farmacéuticos pola Deputación de Ourense para cubrir 23 prazas no hospital provincial (doc. núm. 4.449, publicado no BOPG núm. 151, do 1 de xuño de 1991).

O que se publica para xeral coñecemento e ó abeiro do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 1992.

O VICEPRESIDENTE 2.º
Antonio Carro Fernández-Valmayor